



NORMATIVA SOBRE CRITERIOS DE PROMOCIÓN-TITULACIÓN E AVALIACIÓN FINAL IES RAMÓN CAAMAÑO CURSO 19-20

Seguindo as indicacións dadas pola Consellería de Educación e a Inspección Edcativa ao abeiro das "Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia", o claustro do profesorado do IES Ramón Caamaño presentamos os seguintes CRITERIOS DE PROMOCIÓN-TITULACION e AVALIACIÓN FINAL CURSO 2019/20 dadas as especiais circunstancias de actuación ante Pandemia Covid-19:

1. 3ª AVALIACIÓN.

A 3ª avaliación abranguerá dende o 14 de abril ata o 14 de xuño.

O alumnado recibirá traballo cada 15 días:

- Os contidos serán exclusivamente de recuperación, reforzo e ampliación das aprendizaxes das dúas primeiras avaliacións.
- A nota de partida será un 5 para todo o alumnado, e sumará no cómputo final se iguala ou mellora a media das dúas primeiras avaliacións.
- En ningún caso a nota da 3ª avaliación baixará os resultados obtidos polo alumno antes da declaración do estado de alarma.
- A entrega das tarefas propostas polo profesorado poderá contribuir a mellorar a cualificación media da primeira e segunda avaliación.

As canles de traballo serán:

- Páxina web do centro
- Aula Virtual do centro
- Videoconferencia
- Traballo impreso en papel que se poderá recoller e entregar no centro unha vez á semana (só en casos especiais previamente acordados)
- Vía telefónica: chamadas ou whatsapp (previamente acordado)



2. ALUMNADO CON 1 AVALIACIÓN SUSPENSA.

- O profesorado enviará actividades de recuperación específica para a materia suspena.
- Entregar os traballos sen cumprir os mínimos solicitados suporá a non recuperación da avaliación suspena.

3. ALUMNADO CON 2 AVALIACIÓNS SUSPENSAS.

- O profesorado enviará actividades de recuperación específica para as materias suspensas.
- Entregar os traballos sen cumprir os mínimos solicitados suporá a non recuperación dunha ou das dúas avaliación suspensas.

4. AVALIACIÓN FINAL

- A cualificación final de xuño obterase da media das 2 primeiras avaliacións, ponderada con aspectos cualitativos como o esforzo e a mellora observados ao longo do curso.
- A terceira avaliación (entrega de traballos, participación activa na Aula Virtual, esforzo e actitude responsable) só se computará a efectos de recuperación de avaliacións suspensas ou de mellora da media final.

5. PROMOCIÓN

- Como norma xeral, a promoción está garantida para todo o alumnado.
- A repetición considerarase unha medida excepcional.
- Non promocionará de curso o alumno con 3 ou máis materias suspensas que non supere as competencias básicas do nivel.
- Excepcionalmente, o profesorado poderá decidir a promoción deste alumnado de maneira colexiada e fundamentada, baseándose en criterios pedagóxicos e valorando detidamente a evolución do alumno durante o curso e as súas posibilidades de comezar o curso seguinte con garantías de aproveitamento.
- As materias suspensas computarán como materias pendentas para o curso que vén, e será preciso recuperalas.



6. TITULACIÓN

- Como norma xeral, a titulación está garantida para todo o alumnado.
- A non titulación considerarase unha medida excepcional.
- Non titulará o alumnado con 3 ou máis materias supensas que non teña adquiridos os obxectivos xerais e non acade as competencias básicas da etapa.
- Excepcionalmente, o profesorado poderá decidir a titulación deste alumnado de maneira colexiada e fundamentada, baseándose en criterios pedagóxicos e valorando detidamente a evolución do alumno durante o curso e as súas posibilidades de comezar o curso seguinte con garantías de aproveitamento.

7. MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

- O profesorado establecerá actividades de recuperación específica das materias pendentes de cursos anteriores.
- As actividades poderán consistir nunha proba obxectiva realizada a través de canles telemáticas ou traballos e tarefas propostos polo profesorado correspondente.
- A cualificación final obterase da media das cualificacións dos exames ou tarefas realizados durante a primeira e segunda avaliacións, ponderados con aspectos como o esforzo e a mellora.
- Será obrigatorio entregalas cumprindo os mínimos solicitados para poder superar a materia pendente.
- A entrega de traballos finalizará o día 15 de maio.

O equipo directivo



En Muxía a 04 de Maio de 2020